

de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Localidade: Vigo.

Enderezo: r/ Baixada a San Xoán, 167.

Código do centro: 36024057.

Denominación: centro privado Bouza Brey.

Titular: Cooperativa Bouza Brey.

Composición resultante:

a) Centro de educación infantil: 3 unidades.

b) Centro de educación primaria: 6 unidades.

c) Centro de educación secundaria:

-4 unidades de educación secundaria obrigatoria.

-2 unidades de bacharelato da modalidade de ciencias da natureza e da saúde e 2 unidades de bacharelato da modalidade de humanidades e ciencias sociais.

d) Centro de educación especial: 1 unidade (psíquicos).

Resolución do 15 de xaneiro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se seleccionan os centros desta Comunidade Autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2004.

Por Orde do 15 de outubro de 2003 (DOG do 30 de outubro), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para a realización de actividades de escolas viaxeiras durante o ano 2004.

Efectuada a valoración de solicitudes polas comisións provinciais previstas no punto 8 da devandita orde, e conforme a proposta da comisión constituída con tal fin nesta dirección xeral, e en función das atribucións que me foron conferidas pola orde de referencia

RESOLVO:

Selecciona-los centros para participar na actividade de escolas viaxeiras que se sinalan no anexo que se xunta á presente resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2004.

Alberto González Armesto
Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

ANEXO

QUENDA	RUTA	DATA	DENOMINACIÓN	ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA
1	MURCIA	20-26 ABRIL	CP O COUTO	RAMPLA DE SAS	OURENSE	OURENSE
1	MADRID	20-26 ABRIL	C DIVINA PASTORA	R/ STO. DOMINGOS, S/N	MONFORTE	LUGO
1	NAVARRA	27 ABRIL-3 MAIO	CP OS MUÍÑOS	OS MUÍÑOS	MUXÍA	A CORUÑA
1	A RIOJA	4-10 MAIO	C SAN PÍO X	AVD. DE ZAMORA, 98	OURENSE	OURENSE
1	BALEARES	11-17 MAIO	C CARDENAL CISNEROS	EMILIA PARDO BAZÁN, 21	OURENSE	OURENSE
1	CATALUÑA	18-24 MAIO	CP OTERO PEDRAYO	R/ ROSALÍA DE CASTRO S/N	RÁBADE	LUGO
1	SALAMANCA	18-24 MAIO	C LUIS VIVES	AVD. RICARDO SÁNCHEZ, 51	PONTEDEUME	A CORUÑA
1	SORIA	18-24 MAIO	CP SAN VICENZO	AGRA DO CÁRCERE, 19	VIMIANZO	A CORUÑA
1	TOLEDO	18-24 MAIO	CP MONTE BALIÑO	ESTR. ESCAIRÓN S/N	PANTÓN	LUGO
1	MADRID	18-24 MAIO	C A MERCED	AVD. DA MERCÉ, 58	SARRIA	LUGO
1	EXTREMADURA	18-24 MAIO	CP AMARO REFOJO	AVD. IRMÁNS FERNÁNDEZ, 1	VERÍN	OURENSE
1	ANDALUCÍA ORIENTAL	25-31 MAIO	CP MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA	BARRIO BARRAL, S/N	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
1	GRAN CANARIA	25-31 MAIO	CP DE SARREAU	SARREAU	SARREAU	OURENSE
1	SALAMANCA	25-31 MAIO	CP A GUÍA	ISAMIL	MOAÑA	PONTEVEDRA
1	ANDALUCÍA ORIENTAL	1-7 XUÑO	CP ANDRADE	ANDRADE, 39-A	PONTEDEUME	A CORUÑA
1	SORIA	1-7 XUÑO	CP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI	A ESQUIPA, 22	SANTIAGO DE C.	A CORUÑA
1	ARAGÓN	1-7 XUÑO	CP VIRXE DO MONTE	FEIRA DO MONTE	COSPEITO	LUGO
2	MELILLA	28 SEPT.-4 OUTUBRO	CP SANTA MARIÑA	R/ DO XALÓN, S/N	VIGO	PONTEVEDRA
2	MADRID	28 SEPT.-4 OUTUBRO	C MANUELA RIAL MOUZO	CEE	CEE	A CORUÑA
2	NAVARRA	28 SEPT.-4 OUTUBRO	CP FELIPE DE CASTRO	BERGONDO	NOIA	A CORUÑA
2	BURGOS	5-11 OUTUBRO	CP ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO	O SINEIRO	CAMBADOS	PONTEVEDRA
2	PAÍS VASCO	5-11 OUTUBRO	CP DO XURÉS	PARAÑO S/N	LOBIOS	OURENSE
2	CANTABRIA	12-18 OUTUBRO	CP IRMÁNS VILLAR	R/ LUGO, 1	OURENSE	OURENSE
2	CATALUÑA	12-18 OUTUBRO	C SANTIAGO APÓSTOL	R/ MOSCARDEIRA, 1	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
2	SALAMANCA	19-25 OUTUBRO	CP DE TORRE-CELA	A TORRE, 75	BUEU	PONTEVEDRA
2	TOLEDO	19-25 OUTUBRO	CP PEDROSA LATAS	R/ PURÍSIMA, S/N	VIVEIRO	LUGO
2	BURGOS	19-25 OUTUBRO	CP SANTA LUCÍA	R/ 7, Nº 34	MORAÑA	PONTEVEDRA
2	SALAMANCA	26 OCT.-1 NOVENBRO	C SAGRADO CORAZÓN	PRAZA IRMÁNS PRIETO, 7	O CARBALLIÑO	OURENSE
2	SORIA	2-8 NOVENBRO	CP DOMINGO FONTÁN	RAPEIRA, 9	PORTAS	PONTEVEDRA
2	SORIA	9-15 NOVENBRO	CP ELADIA MARIÑO	O CHAO DA ALDEA	CABANAS	A CORUÑA
2	EXTREMADURA	9-15 NOVENBRO	CP MONTERROÑO Nº 1	POETA LORENZO VARELA, S/N	MONTERROSO	LUGO
2	MURCIA	9-15 NOVENBRO	C PABLO VI-FÁTIMA	R/ FELGAR, 13	A RÚA	OURENSE
2	ARAGÓN	9-15 NOVENBRO	CP DE CASTROVERDE	R/ DOS NENOS, S/N	CASTROVERDE	LUGO

QUENDA	RUTA	DATA	DENOMINACIÓN	ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA
2	MADRID	9-15 NOVIEMBRE	C LA MILAGROSA - JOSEFA SOBRIDO	A GÁNDARA, 11	RIBEIRA	A CORUÑA
2	EXTREMADURA	23-29 NOVIEMBRE	CP VIRXE DO CARME	R/ DAS ESCOLAS, S/N	BURELA	LUGO
2	ANDALUCÍA OCCIDENTAL	23-29 NOVIEMBRE	C MERCANTIL	R/ TOMÁS A. ALONSO, 56-58	VIGO	PONTEVEDRA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 22/2004, do 22 de xaneiro, polo que se acepta a título gratuito a doazón dun videobroncoscopio con destino ó Hospital do Meixoeiro.

A empresa *Olympus Optical España, S.A.* ofrece a doazón ó Servicio Galego de Saúde do activo que se detalla a continuación, con destino ó Servicio de Pneumoloxía do Hospital do Meixoeiro:

Un videobroncoscopio, marca Olympus, modelo BF-1T240, cun valor de 21.983,82 €.

Conforme o artigo 17.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma, requírese decreto do Consello da Xunta de Galicia para a adquisición de bens a título gratuito.

En cumprimento do disposto na Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma, de conformidade coa proposta do conselleiro de Sanidade e presidente do Servicio Galego de Saúde, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de xaneiro de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acepta-la doazón do seguinte material:

Un videobroncoscopio, marca Olympus, modelo BF-1T240, cun valor de 21.983,82 €, doado pola empresa *Olympus optical España, S.A.*, con destino ó Servicio de Pneumoloxía.

Artigo 2º

O activo acéptase segundo o establecido na normativa en materia patrimonial da Comunidade Autónoma e destinarase ó Hospital do Meixoeiro, de acordo coa vontade do doante.

Disposición derradeira

O Servicio Galego de Saúde, a través do seu órgano competente, levará a cabo os trámites necesarios para a efectividade de canto se dispón neste decreto.

Santiago de Compostela, vintedous de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 23/2004, do 22 de xaneiro, polo que se aproba o escudo do Concello de Crecente (Pontevedra).

O Concello de Crecente considerou conveniente organizar correctamente o seu emblema municipal para perpetuo con simboloxía adecuada e conforme as normas de heráldica. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes, elevou o informe histórico-heráldico, coa correspondente proposta de representación gráfica do escudo, para a aprobación definitiva del.

A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos e bandeiras dos concellos e doutras entidades locais, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente tramitouse conforme as normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo R.D. 2568/1986, do 28 de novembro; e máis no Decreto 369/1998, do 10 de decembro, polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, visto o informe emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia e por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de xaneiro de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aproba-lo escudo do Concello de Crecente, que figura como anexo, organizado do seguinte xeito: de azur (azul), as dúas chaves de ouro (amarelo), dispostas en aspa e acompañadas, no xefe, dun crecente figurado de prata (branco) e, na punta, dunha torre del. Ó timbre, coroa real pechada.

Santiago de Compostela, vintedous de xaneiro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local